

Ola a todos /as! Como vai a semana? Espero que moi ben xa que temos unha semana moi especial.

E por que é especial? Pois porque esta semana celebramos na nosa comunidade o día das letras galegas, e este ano o homenaxeado é Ricardo Carvalho Calero, un escritor que naceu en Ferrol.

Que vos parece se aprendemos algo máis sobre este escritor tan importante de xeito musical?

Comezamos!

1. CONTO “AS PITAS BAIXO A CHOIVA”

Imos escoitar o conto infantil de Carvalho Calero “As pitas baixo a choiva”.

As pitas baixo a choiva é un relato breve que narra un feito anecdótico da infancia do autor. O neno descobre, desde a fiestra da casa, que as pitas estanse a mollar e téntaas facer entrar no galiñeiro. Elas asústanse e, ao final, todos os membros da familia acaban mollados como pitos.



Enlace do conto

www.youtube.com/watch?v=8VrdvVwY1rA&t=23s

2. ESCOITA A MÚSICA DE “AS PITAS BAIXO A CHOIVA”

Para poder escoitar as cancións do conto tes que premer nas pistas, onde pon “a música” no seguinte enlace.

<http://aspitas.gal/>

Pódela cantar, bailar ou o que máis che guste.

Espero que a desfrutedes!